


Plácido Castro

A despedida dos amigos



Este valioso caderno é espello dunha época na que tantas arelas confluíron arredor de amizades, vocacións e silencios compartidos. Evoca unha solidariedade consolidada durante a etapa que Plácido Castro, natural de Corcubión, viviu en Vigo (en 1940 fóra condenado a oito anos e un día de desterro a máis de cen km de Muxía pola súa militancia galeguista). Entre a rúa Lepanto e a rúa Reconquista e os tempos de verán en Coruxo, sosegou como puido a frustración provocada pola derrota das súas esperanzas doutro destino para a Galicia soñada pola súa xeración e que deixaría só fisicamente atrás en 1948 cando os seus amigos o despediron con esta sentida homenaxe.

Fundación Plácido Castro

...No outono, Plácido, coma todos nós, retornaba a Vigo. El ocupaba un piso, tamén de aluguer -daquela, practicamente, non os había en propiedade-, no segundo andar, posiblemente, do edificio número sete, ao comezo da rúa Lepanto. Aínda que non se prodigaba moito, nesta outra vivenda temos escoitado algunha vez das súas mans ao piano e da súa voz clara e fonda fermosas composicións inglesas e outras, da mesma partitura musical, trasladadas ao galego. Despois de xantar, nas primeiras horas da tarde, reuníamos no Bar Derby, propiedade de don Albino Mallo -daquela Bar Imperial, por mor de que España era unha “unidade de destino en lo universal” e non se permitían nomes estranxeiros. Pouco a pouco íase enchendo a tertulia nunha ringleira de mesas contra o friso de madeira, baixo a luz dos espellos que percorrían a magnitude acolledora do local. Con Plácido: Maside, Lugrís, Laxeiro, Prego, Mario González, Paco del Riego, Celso Collazo, Xaime Illa, Pepe Meixide, Soneira, Sevillano, Xosé Sesto, Emilio Bugallo, Xavier Andrade, Martín Lázaro, tres ou catro irmáns Álvarez Blázquez, e outros que non dou lembrado. Os que viñan de paso: Manolo Torres de Marín, Pesqueiras de Lantaño, Virxilio Blanco de Cerdedo, ou Enrique, o poeta cego de Ferrol que escribía no seu Braille, compulsivamente, co punzón sobre as láminas de cartulina ocre.

Non podo dicir de qué falábamos, que sería arredor de todo o xeneroso mundo das humanidades, pero si lembro ben o que había que calar. Xa imaxinades. Non lonxe das nosas mesas, sentaba, patético, un home, agachada a cabeza detrás dun xornal aberto de par en par, que non daba lido, por escoitar a trama da nosa particular revolución. Non ían polo camiño que el sospeitaba as nosas conspiracións e, andando o tempo, acolleuse este homiño ao traballo fixo -discontinuo, como agora se di nas ordenanzas laborais, e non sempre permanecía no seu posto de vixía. Posiblemente en razón dunha orde do seu xefe, ao estimar que non pagaba a pena tanto esforzo no control dunha panda de xente tocada da cabeza...

Daquelas poucas horas compartidas e nunca esquecidas gardo como ouro en pano un pequeno sobre de hai 60 anos, algúns xogos literarios, ben pouco subversivos, que nos valían de entretemento. Poemas ao xeito do “cadáver exquisito” -así chamado polos escritores surrealistas franceses da década dos vinte- e outras cousas nas que non me podo deter.

No ano 1944 casa Plácido con Jesusa, tan boa amiga da nosa casa. No 48 toma a familia o camiño de Portugal e despois para Inglaterra. Nunha humilde libretiña, con algúns poemas do meu irmán Emilio, improvísase no Bar Derby unha recolleita de comentarios e debuxos para lle ofrecer en homenaxe de despedida, da man dos numerosos contertulios, e que na premura dos primeiros días do mes de Agosto non se puido completar. Pero as poucas páxinas escritas gardan o fervor de moitas amizades para un home cabal. Inesquecible.

Álvaro Álvarez Blázquez
Saiáns, febreiro de 2002

(Extracto da reflexión do autor co título “Plácido Castro: Na lembranza dun intenso tempo breve”, incluída en “Plácido Castro, no Centenario”, Texturas Internacionais, IGADI, Vigo, 2002, pp. 47-52.

De cuando el sol se muere
preguntale al mirlo:
¿es bueno, y, si quiere,
te duermes al oírlo
¡Te digo que te duermes!

-¿Te extraña que se pufie
el camo campestino,
si es un árbol el efe
y es sandoso el camino?
¡Sí! ¿sabes de sandade!

De sandude te digo
que en un verso me cabe.
hablarte, pobre amigo!
¡El mirlo sí que sabe!
¡Y a lo mejor te duermes!

Emilio Álvarez Blázquez

5-Agosto 1958

Vaste, meu amigo, à vells albion,
e vante connosco no ronseles
ardendo amantemente nos courcles
as roseiras do uso corazón.
Tornará, tornarás, as vellas rosas
da amizade, tan uís, fronecerán,
de novo no xardín da nosa galma,
e de novo a lembrança ahiscarán.
E si en barca de pedrs, desde Xaffa,
nosso santo Patrón chegar un día,
en sei qu'ere milagro, nova Staffa,
reverderace así, na pentágonis
de vidro Newtoniano, pura gafa,
dos meus ollos que Johan Trorón u día

S. XII. Plarium
(Portus Magnus Antabrum)

Entre laxeiro que o
aturuxo berra
e Juanto que a Polipinza
debece,
en un verso de dicome
sin voz, sin sombra, sin
esqueito.

Sin palabras siquera
que algo vigan
d-ite aer leve, inmensamente
puro, fondo, enorme
que un pano este meido
por euriba da mar
- cora tou quente -
tica.

* *Ally*
unha do apote 48.

Deixar a Galicia pra
ver a Prestes. Que
che non preste e
voltar a xirna a
Terra.

Meixide



Debuxo de Sant-Yago. Xosé Sesto López

A Plácido Castro

Ou quero que che sigan vol-as ondas
os ecos de Martin Codax, de Tiago,
e no ouvido che canten vol-as brudas
seus ledos roes de cantar de amigo.


Noes auterças as das beira-mar,
beilar iuxta do municipal souro,
murmuros fainchos d-este mare,
formen pra ti seu amizabel coro.

O cande teñas a ^{lembraza} ~~recorde~~ arreos
vista en saudade, cantos e poesía
aló, na roeda do chan alho,


encosta a i-alma no vacer de un día
breteuoso, e tardará o veito cheo
de ese viño seu var: Melancolía.

Xosé (M^o) Álvarez Blázquez

V.º fo - V.º VIII.º 18.



Debuxo de muller. Manuel Prego de Oliver



Debuxo con figuras. Xosé Otero Abeledo, Laxeiro

